

ridas, respectivamente, a explotacións e a produtos agroalimentarios ou a bebidas espirituosas.

3. Para efectos do disposto no capítulo II do título III serán de aplicación, no que non se opoña a esta lei, as disposicións reguladoras das normas específicas das denominacións de orixe «Cualificada Rioja», «Jumilla» e denominación «Cava», así como aquelas relativas a denominacións de orixe de viños ratificadas polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Disposición transitoria primeira. *Actuacións previas.*

Entrementres non se promulguen as normas regulamentarias sobre toma e análise de mostras e sobre actuacións previas á iniciación de procedementos sancionadores, na devandita materia será de aplicación, para estes exclusivos efectos, o Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da protección agroalimentaria, así como, se é o caso, a normativa autonómica sobre defensa dos consumidores e usuarios.

Disposición transitoria segunda. *Adaptación dos actuais regulamentos de v.c.p.r.d. e órganos de xestión á nova regulación.*

No prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei, deberanse adaptar ás súas previsións os actuais regulamentos de v.c.p.r.d., así como os seus órganos de xestión.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto nesta lei, e, en particular, a Lei 25/1970, do 2 de decembro, do Estatuto da viña, do viño e dos alcohois, coa excepción das normas contidas na devandita lei relativas ós consellos reguladores dos produtos agroalimentarios, con denominación de orixe, distintos do viño, do vinagre de viño, dos viños aromatizados, do brandy, do mosto e demais produtos derivados da uva.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o Goberno para que no ámbito das súas competencias poida dictar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución desta lei, así como para actualizala contía das sancións pecuniarias previstas nela, tendo en conta as variacións do índice de prezos de consumo.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

1. Esta lei é de aplicación directa á Administración xeral do Estado e ás entidades de dereito público vinculadas ou dependentes desta.

2. Constitúen lexislación básica, dictada ó abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución, as partes seguintes:

- a) Título I, completo, excepto o artigo 4.
- b) Del título II, os preceptos seguintes:

1.^o O capítulo I completo, excepto o artigo 16, os puntos 4 e 8 do artigo 25 e as alíneas b), e) e g) do punto 2 do artigo 26.

2.^o O punto 1 do artigo 31.

3.^o O artigo 32.

c) Do título III, os preceptos seguintes:

1.^o O artigo 37.

2.^o O punto 1 do artigo 38.

3.^o Os puntos 1 e 3 do artigo 39.

4.^o Do artigo 40, os puntos 1, 3 e 4 íntegros; e do punto 2, as alíneas a) e b).

5.^o Os artigos 41, 42, 44 e 45.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», a excepción do previsto no artigo 11, que entrará en vigor o día 1 de agosto de 2003.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 10 de xullo de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno
en funcións,

MARIANO RAJOY BREY

MINISTERIO DO INTERIOR

13978 *REAL DECRETO 896/2003, do 11 de xullo, polo que se regula a expedición do pasaporte ordinario e se determinan as súas características. («BOE» 166, do 12-7-2003.)*

A normativa que veu regulando a expedición do pasaporte ordinario data inicialmente de antes da vixencia da Constitución, o que, non obstante ter sido modificada parcialmente en distintas ocasións con posterioridade, xera determinadas disfuncións á hora da súa aplicación, derivadas tanto da propia antigüidade das normas como da dispersión destas.

Por outra parte, a Lei orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, sobre protección da seguranza cidadá, dispón a obriga dos españois que pretendan saír do territorio nacional de estaren en posesión do pasaporte ou documento que se estableza regulamentariamente, outorgándolle a ese documento a mesma consideración que ó documento nacional de identidade. Así mesmo, recoñécelle-lo dereito á súa obtención a tódolos españois que o soliciten, coas únicas excepcións daqueles ós que a autoridade xudicial prohibise a súa expedición ou a súa saída de España, ou ós que fosen condenados a penas ou medidas de seguranza que impliquen privación ou limitación da súa liberdade de residencia ou movemento, en canto non se extinguisen. Os menores de idade e os incapacitados teñen igual dereito á obtención do pasaporte, ben que a lei o condiciona a que contén con autorización dos que exerzan a patria potestade ou tutela ou, en defecto destes, do órgano xudicial competente.

Polo que respecta á competencia para a súa xestión, concesión e expedición, a Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguranza, atribúea ó Corpo Nacional de Policía, ó recoller entre as súas funcións a da expedición de pasaportes.

A situación de dispersión normativa apuntada, por unha parte, a necesidade de incorporar ó pasaporte os novos elementos de seguridade que obstaculicen a súa manipulación e falsificación, por outra, ben como a esixencia de adaptación ás distintas resolucións sobre

a materia emanadas dos organismos internacionais dos que España forma parte (Unión Europea, Organización de Aviación Civil Internacional, etc.), aconsellan a promulgación dunha norma que recolla e unifique as distintas disposicións referidas á regulación da expedición e contido do pasaporte ordinario español.

Así mesmo, tendo en conta que o pasaporte é un documento que acredita a identidade e nacionalidade do seu titular salvo proba en contrario, resulta imprescindible establece-las previsións adecuadas para coordinar e centraliza-la información entre os distintos órganos e unidades que levarán a cabo as tarefas de expedición dese documento, co obxecto de impedi-la súa utilización fraudulenta, especialmente no ámbito do terrorismo, a delincuencia organizada e o tráfico de seres humanos.

Finalmente, débese sinalar que con este real decreto tamén se consegue unha axilización e simplificación do procedemento, pois que se facilitan as relacións dos cidadáns coa Administración, por unha parte, ó se suprimiren algúns trámites esixidos pola normativa anterior, como a acreditación do domicilio ou a constancia de sinatura da autoridade ou funcionario que expide o pasaporte no propio documento, que se fan innecesarios coa utilización das novas tecnoloxías, e, por outra, axilízase o procedemento, ó se reduci-lo prazo máximo para a expedición, de tres a dous días.

Na súa virtude, por proposta do ministro do Interior, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 11 de xullo de 2003,

DISPONGO:

Artigo 1. *Natureza do pasaporte ordinario e funcións.*

O pasaporte ordinario español é un documento público, persoal, individual e intransferible, expedido polos órganos da Administración xeral do Estado que se sinalan neste real decreto, que acredita, fóra de España, a identidade e nacionalidade dos cidadáns españois salvo proba en contrario, e, dentro do territorio nacional, as mesmas circunstancias daqueles españois non residentes.

Artigo 2. *Dereito á obtención do pasaporte ordinario.*

1. Tódolos cidadáns españois teñen dereito a obte-lo pasaporte ordinario sempre que non conorra neles algunha das seguintes circunstancias:

a) Ter sido condenado a penas ou medidas de seguranza que impliquen a privación ou limitación da súa liberdade de residencia ou de movementos, en canto non se extinguisen, salvo que obteñan autorización do órgano xudicial competente.

b) Cando a autoridade xudicial prohibise a súa expedición ou a saída de España respecto ó interesado que se ache inculpado nun proceso penal.

c) Que motivadamente lle sexa limitado este dereito polo Ministerio do Interior no ámbito das medidas que se deban adoptar nos supostos recollidos na Lei orgánica 4/1981, do 1 de xuño, reguladora dos estados de alarma, excepción e sitio.

2. A obtención do pasaporte por aqueles cidadáns suxeitos a patria potestade ou a tutela estará condicionada ó consentimento expreso da persoa ou órgano que teña asignado o seu exercicio ou, en defecto desta, do órgano xudicial competente.

Artigo 3. *Órganos competentes para a xestión e expedición do pasaporte ordinario.*

1. A competencia para a regulación do pasaporte ordinario correspóndelle á Administración xeral do Estado, que a exerce a través do Ministerio do Interior.

2. A competencia para a súa expedición corresponderalle:

a) No territorio nacional, ós órganos da Dirección Xeral da Policía, que depende do Ministerio do Interior.

b) No estranxeiro, a expedición levarana a cabo as representacións diplomáticas e consulares de España.

O Ministerio de Asuntos Exteriores comunicarlle ó Ministerio do Interior (Dirección Xeral da Policía), cunha periodicidade máxima de dous meses, polo procedemento informático e telemático que fixen ámbolos departamentos, as relacións de pasaportes expedidos polas distintas representacións diplomáticas e consulares.

Artigo 4. *Procedemento de expedición.*

1. O pasaporte ordinario seralles expedido ós españois que o soliciten perante os órganos ou unidades que se sinalan no artigo anterior, entregando os seguintes documentos:

a) Solicitud debidamente cuberta e asinada.

b) Documento nacional de identidade do solicitante en vigor, ou o caducado, acompañado do comprobante de ter solicitado a súa renovación, que será devolto no acto da súa presentación, unha vez comprobados os datos deste documento cos reflectidos na solicitud.

c) Unha fotografía do rostro do solicitante de tamaño carné, en cor e con fondo claro, liso e uniforme, tomada de fronte, e sen lentes de vidros escuros ou calquera outra peza de roupa que impida a identificación da persoa.

d) Comprobante do aboamento da taxa de expedición de pasaporte legalmente establecida, polo importe en cada momento vixente.

2. Cando a persoa que solicite a expedición do pasaporte sexa menor de idade e non estea en posesión do documento nacional de identidade, por non estar obrigada á súa obtención, deberá entregar certificación literal de nacemento expedida polo Rexistro Civil e o documento nacional de identidade da persoa que exerza a patria potestade ou tutela, salvo no suposto, neste último caso, que esta fose asumida por ministerio da lei.

Sendo estranxeira a persoa que exerza a patria potestade, deberá entregar, ademais da certificación literal de nacemento do menor, o número de identificación de estranxeiros ou calquera outro documento identificativo expedido por autoridade oficial.

Así mesmo, nas solicitudes de expedición de pasaporte para menores de idade e para persoas incapacitadas deberá consta-lo consentimento expreso de quen exerza a patria potestade ou tutela, coa indicación de que o seu exercicio non se encontra limitado para prestalo, debendo, en caso contrario, supli-la súa falta con autorización xudicial.

O consentimento da persoa ou entidade que exerza a patria potestade ou tutela prestarase perante o funcionario do órgano competente para a expedición do pasaporte. Tamén se poderá prestar ante fedatario público, caso en que se deberá xuntar á solicitud copia auténtica do documento do que resulte o citado consentimento.

3. Nos supostos de residentes non estranxeiro que soliciten o pasaporte nas representacións diplomáticas ou consulares, o requisito de presenta-lo documento nacional de identidade poderá ser substituído pola presentación do pasaporte en vigor ou pendente de renovar ou a certificación literal de nacemento do rexistro civil ou consulado en que se ache inscrito o nacemento.

4. O pasaporte será expedido no prazo máximo de dous días hábiles a partir do momento da presentación en forma dos documentos a que se refiren os números anteriores deste artigo, salvo que circunstancias técnicas ou excepcionais o impidan, e debe ser retirado no órgano

en que se solicitase polo propio solicitante ou persoa autorizada.

5. Unicamente poderá ser denegada a expedición do pasaporte cando concorran algún dos supostos previstos no artigo segundo, non removidos mediante a correspondente resolución xudicial, ou pola falta de presentación dalgún dos documentos que se indican neste artigo. Tal denegación levarase a cabo mediante resolución motivada, que se tramitará de acordo coas previsións establecidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 5. *Validez do pasaporte.*

1. Con carácter xeral, e sen prexuízo do disposto nos seguintes números deste artigo, o pasaporte terá unha validez improrrogable de cinco anos, se o titular ten menos de trinta na data da súa expedición, e de dez anos, cando cumprise esa idade. Para os menores de cinco anos a validez do pasaporte limitarase a dous anos.

2. Os pasaportes expedidos ós menores de catorce anos residentes en España que carezan de documento nacional de identidade terán validez máxima ata que o menor alcance esa idade, sen que, en ningún caso, a vixencia sexa superior a cinco anos.

3. Cando os pasaportes se expidan a menores ou incapacitados, a validez sinalada nos dous números anteriores deste artigo poderá ser limitada por petición motivada das persoas ou institucións que teñan asignada a súa patria potestade ou tutela.

4. De concorrer no solicitante algunha das circunstancias sinaladas no número 1, a) ou b) do artigo 2, e ter sido autorizada polo xuíz ou tribunal competente a expedición do pasaporte, a validez deste limitarase, se é o caso, ó tempo que fixen as indicadas autoridades.

5. Nos casos de extravío ou subtracción do pasaporte en vigor, a validez do primeiro duplicado que se expida na súa substitución estará limitada á data de vixencia que tivese o extraviado. Nos supostos de posteriores extravíos ou subtraccións, a validez dos duplicados poderase limitar a tres meses.

6. Tamén se poderá limita-la validez do pasaporte a determinados países ou territorios, cando así o dispoña a autoridade xudicial en relación coas persoas en que concorran algunha das circunstancias previstas no número 1, a) e b), do artigo 2 ou o soliciten motivadamente as persoas que exerzan a patria potestade ou a tutela, respecto ós seus fillos ou ás persoas que estean baixo a súa garda.

7. Cando se trate dun solicitante de pasaporte que, non estando inscrito como residente no Rexistro de Matrícula Consular, se encontre no estranxeiro e careza do pasaporte que se lle expedise, quer por perda quer por subtracción, ou por acharse en país ó que se pode viaxar sen pasaporte, a validez do pasaporte que lle expida a representación diplomática ou consular poderase limitar a tres meses.

Artigo 6. *Retirada do pasaporte.*

1. O pasaporte ordinario poderalles ser retirado ou retido a aqueles cidadáns que se achen nalgunha das circunstancias a que se refiren o número 1, a) e b), do artigo 2, polos órganos encargados da súa expedición, cando isto sexa solicitado polas autoridades xudiciais competentes.

2. Igualmente, poderase proceder á retirada ou retención cando así o acorde o Ministerio do Interior, na forma e nos supostos a que se refire a alínea c) do indicado artigo 2.

3. O pasaporte retirado ou retido de acordo co disposto nos números anteriores deste artigo seralle reintegrado ó seu titular, se non perdeu a vixencia, tan axiña como desaparezan as circunstancias que motivaron a súa retirada ou retención.

Artigo 7. *Obrigas dos titulares do pasaporte.*

Os titulares de pasaporte teñen a obriga de o conservaren coa debida dilixencia. Do seu furto ou extravío deberase dar conta de maneira inmediata á comisaría de policía ou posto da Garda Civil máis próximo ou á representación diplomática ou consular de España no estranxeiro. O incumprimento desta obriga poderá dar lugar á sanción correspondente.

Artigo 8. *Substitución e anulación do pasaporte.*

1. Unha vez utilizadas tódalas follas do pasaporte, será substituído por outro, estando prohibida a adición de follas soltas a este.

2. Todo pasaporte que presente alteracións ou emendas, que estea falto de follas ou de cuberta, ou que conteña escritos ou anotacións indebidas ou outros defectos que dificulten a completa identificación do seu titular, perderá a súa validez.

3. O período de validez do novo pasaporte, nos casos anteriormente descritos, non excederá o que tivese o substituído ou anulado.

4. Excepcionalmente, por motivos de seguranza ou outros debidamente xustificados, a fin de facilita-la circulación polos distintos países, poderase expedir un segundo pasaporte a unha mesma persoa, coas limitacións de validez temporal ou territorial que en cada caso procedan.

Artigo 9. *Características e descrición do pasaporte ordinario.*

1. O pasaporte ordinario estará constituído nun caderno que, ademais das cubertas, terá 32 páxinas numeradas correlativamente. Este número de páxinas que comporta o pasaporte irá indicado o pé da última delas, nas linguas oficiais dos estados membros da Unión Europea.

2. As súas dimensións serán de 88 × 125 milímetros, cunha marxe de tolerancia de 2 milímetros, para cada un dos seus lados.

3. A cuberta, dentro da normativa comunitaria, será da gama da cor vermella escura, e na súa portada figurarán, na orde que a seguir se detalla, as seguintes inscricións:

- a) «Unión Europea».
- b) «España».
- c) «A figura impresa do escudo de España».
- d) «Pasaporte».

As expresións «Unión Europea» e «España» figurarán impresas en caracteres tipográficos semellantes.

4. Cada pasaporte contará cun número de serie que se poderá repetir en tódalas súas páxinas mediante perforación, e aplicaranse, ademais, na súa confección certas medidas de seguranza se consideren necesarias.

Artigo 10. *Contido.*

1. Na primeira páxina do pasaporte figurarán, na orde que se menciona e redactadas nas linguas oficiais dos estados membros da Unión Europea, as seguintes mencións:

- a) «Unión Europea».
- b) «España».
- c) «Pasaporte».

As expresións «Unión Europea» e «España» aparecerán impresas en caracteres tipográficos semellantes.

2. Disporá dunha páxina plastificada que conterá as seguintes mencións:

a) O número do pasaporte, que coincidirá co de serie do caderno.

b) Un número identificador persoal que será o do documento nacional de identidade do seu titular, salvo que careza deste por ser residente no estranxeiro ou menor de 14 anos, caso en que o número corresponderá, respectivamente, co da súa inscrición no Rexistro de Matrícula Consular ou co do documento nacional de identidade de quen ten a súa patria potestade ou tutela, seguido do subradical correspondente.

c) O número da oficina expedidora.

d) Os apelidos, nome, nacionalidade, data e lugar de nacemento e sexo, así como as datas de expedición e caducidade do pasaporte. Conterá, igualmente, a sinatura dixitalizada do titular, para o cal deberá acudir a prestala ás unidades expedidoras.

Estas mencións redactaranse en castelán, inglés e francés, acompañándose de números que fagan referencia a un índice, incluído no pasaporte, que indique, nas linguas oficiais dos estados membros da Unión Europea, o obxecto destas.

e) A fotografía dixitalizada do titular.

f) Dúas liñas de caracteres OCR na parte inferior da folia de datos, para a lectura mecánica destes.

3. Unha das páxinas reservaráselles ás autoridades competentes para expediren este documento, a fin de que nela se poidan recolle-las observacións que procedan en cada caso. A mención que figurará na cabeza desta páxina redactarase nas linguas oficiais dos estados membros da Unión Europea.

4. Tamén se destinará outra das súas páxinas á reprodución parcial das disposicións que regulan os pasaportes e a inscrición dos españois nos rexistros de matrícula consulares, ben como as recomendacións que se consideren necesarias, reservándose o resto das páxinas para visados.

5. Igualmente, poderanse incluír os datos biométricos que sexan necesarios para unha máis completa identificación do titular, inseríndose quer na páxina de datos persoais, referida no número 2 deste artigo, quer na que determine o Ministerio do Interior.

Disposición adicional única. *Reciprocidade.*

Sempre que exista reciprocidade co país ou países de destino, poderanse expedir, con motivo de excursións, peregrinacións ou actos de análoga natureza, documentos colectivos de viaxe que cumpran as previsións que se especifican no Acordo europeo sobre circulación provistos de pasaportes colectivos entre os países membros do Consello de Europa, ratificado por España no 18 de maio de 1982. Este documento será válido para unha única viaxe.

Disposición transitoria única. *Validez de pasaporte.*

O novo modelo de pasaporte irase implantando progresivamente consonte as circunstancias de orde técnica o permitan. Os pasaportes expedidos ou que se sigan expedindo co modelo de caderno anterior, conservarán a validez polo período para o que foron expedidos.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogados o Real decreto 3129/1977, do 23 de setembro, polo que se regula a expedición

de pasaporte ordinario ós españois, e os reais decretos 126/1985, do 23 de xaneiro, e 1064/1988, do 16 de setembro, que modifican aquel, así como cantas disposicións de igual ou inferior categoría se opoñan ó disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Habilitacións.*

1. Habilítase os ministerios do Interior e de Asuntos Exteriores para, no ámbito das súas competencias, diktaren as disposicións de desenvolvemento necesarias para a execución deste real decreto.

2. Habilítase o Ministerio do Interior para determinar-lo modelo de solicitude do pasaporte.

3. Corresponde ó Ministerio do Interior a determinación do calendario de implantación do novo modelo do pasaporte, logo de informe do Ministerio de Asuntos Exteriores no que se refire á súa expedición fóra de España.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 11 de xullo de 2003.

JUAN CARLOS R.

O ministro do Interior,
ÁNGEL ACEBES PANIAGUA

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

13979 *REAL DECRETO 833/2003, do 27 de xuño, polo que se establecen os requisitos técnicos que deben cumprilas estacións de inspección técnica de vehículos (ITV) a fin de seren autorizadas para realizar esa actividade. («BOE» 166, do 12-7-2003.)*

O Real decreto lei 7/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes no sector das telecomunicacións, establece un novo sistema para a prestación de servicios de inspección técnica de vehículos (ITV).

Nel dispónse que para a prestación dos servicios de ITV, salvo no caso en que a execución da inspección a leven a cabo directamente as comunidades autónomas ou a Administración competente, as estacións de ITV deberán obter a autorización previa da Administración competente, sempre que o seu titular acredite o cumprimento dos requisitos técnicos que se determinen regulamentariamente.

Resulta por tanto necesario establece-las requisitos técnicos que permitan ás comunidades autónomas proceder á autorización das estacións de ITV.

Os requisitos técnicos deben garantir, en todo o territorio nacional, a alta calidade e homoxeneidade da inspección técnica de vehículos.

Este real decreto diktase ó abeiro das competencias exclusivas do Estado en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e de tráfico e circulación de vehículos de motor, establecidas polo artigo 149.1.13.^a e 21.^a da Constitución española.

Esta disposición foi sometida ó procedemento de información previsto no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión da información en materia de normas para a calidade e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos á sociedade da información, en aplicación da Directiva 98/34/CE do